

# O CEO VERMELLO

Christian Petzold, 2023

# 1312

ESTREA EN NUMAX: 14.06.2024 | V.O.S.E. | +12

Unha pequena casa de vacacións xunto ao mar Báltico. Os días son calorosos e non choveu en semanas. Catro mozos xúntanse, vellos e novos amigos. A medida que os bosques secos que os rodean comezan a acenderse, tamén o fan as súas emocións. Felicidade, luxuria e amor; pero tamén celos, resentimentos e tensións. Mentres tanto, os bosques arden. E en pouco tempo, as chamuscas están alí.

O pase do sábado 15 de maio ás 12:15h será unha Sesión Teta, especialmente adaptada para nais e pais con crianzas lactantes

«Un tónico para a cinefilia cansa de personaxes simpáticos, abrazables, agradables, afíns e aburridos.»

Manohla Dargis, THE NEW YORK TIMES



## Entrevista con Christian Petzold: «Non quero ser parte da mirada masculina sobre a muller propia dos sesenta e setenta»

Por Daniela Urzola

**Hai unha dimensión moral d'*O ceo vermello* a través do personaxe de León, un home tan egocéntrico que non é consciente de todo o que sucede ao seu redor.**

**Como foi o proceso de crear este personaxe?** Debo confesar que ten algo a ver coa miña propia biografía. Na rodaxe soía ter ensaios e debates cos actores e unha mañá preguntáronme como xurdira este personaxe. Ten algo que ver con ser artista nestes tempos. Os artistas dos setenta, por exemplo, pensaban na utopía: crían nun mundo mellor e buscar cambiar a sociedade. Hoxe sinto que xa non se cre no futuro e por iso traballamos en burbullas. Logo, preguntáronme se eu tivera os mesmos problemas que León, despois do meu primeiro filme. E, efectivamente, tiven un problema similar nos noventa cando estaba a tentar facer a miña segunda película. Sentía que non era un director, senón que estaba a interpretar a un: quería ser parte da escena internacional de cinema, mostrar ao mundo o cinematográfico que eu era e o coñecemento que tiña. E cando lles dixen o título deste filme, *Cuba libre* (1996), todos escacharon a rir porque se asemella moito a *Club Sandwich*, o libro que le León no filme. Grazas ás conversas e risas con estes actores, tan empáticos e humanos, non me doe tanto saber que o personaxe idiota deste filme fai parte do idiota que hai en min.

**A relación entre León e os demais personaxes (especialmente Nadja) vese marcada por un encontro de miradas, que usualmente se transmite mediante un plano de León e un contraplano dos demais. É algo que vemos, por exemplo, na secuencia na que Nadja recita o poema de Heine. Como ideou isto?** Desde o inicio foi unha cuestión moral. Non quero ser parte desa mirada masculina sobre a muller, propia dos sesenta e setenta. Cando tes suxeitos masculinos no contexto dunha casa de verán e ao outro lado tes unha muller nova cun vestido vermello indo en bicicleta coas pernas descubertas que tivo sexo a noite anterior... a maneira de mirala é un asunto moral. E *O ceo vermello* é, en boa medida, o retrato dun home que mira unha muller. Por exemplo, na escena que mencionas non estamos a ver a Nadja recitar o poema: o que vemos son as reaccións de todos eles. Todo o filme xoga con isto. Paula Beer é unha muller moi adulta: coñece a subxectividade masculina e sabe o que se sente ao ser abusada pola mirada dos homes. Cando leu o guión gustoulle que o seu personaxe non é un obxecto para esa mirada: ela vive para si mesma e cando marcha do plano temos a sensación de que a súa vida segue no fóra de campo.

**Hai un contraste constante entre a suposta natureza idílica do campo, a onde León foxe a escribir o seu libro, e o lume que representa o que non pode seguir ignorando. Como foi o proceso de crear esa atmosfera?** No filme non hai banda sonora. A música é a que os personaxes escoitan en vinilos ou no Spotify. Quería escoitar o vento e as árbores, o son das ondas, a praia, os insectos... O verán en toda a súa riqueza sonora. No outro extremo temos o bosque despois dos lumes. Tiven a experiencia de estar en lugares así en California ou Turquía, cando o bosque foi destruído e xa non podes sentir nada. Un silencio de morte. E talvez isto soe moi romántico, pero quería xerar unha sensibilidade da natureza, escoitar ou sentir o que o lume acabará por destruír. Esa sensibilidade da que León carece a pesar de estar no medio de todo, non ule, non saborea, toma viño como se fose Coca Cola, nunca traballa, sempre está de mal humor..



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Phoenix*,  
Christian Petzold.  
Golem [DVD]

*Barbara*,  
Christian Petzold.  
Golem [DVD]

*O Mar do Norte*,  
Heinrich Heine.  
Espiral Maior, 2015